- En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta lei que non sexan obxecto de sanción específica.
- Terán a consideración de infraccións graves, no referente á venda ambulante ou non sedentaria:
- Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou dos lugares autorizados ou con transgresión dos días e dos horarios establecidos.





- Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.
- Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.

Consideraranse ademais infraccións graves:

- Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida pelas autoridades ou polos funcionarios e axentes da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación, e a subministración de información inexacta ou incompleta.
- Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
- Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.
- Incumprir os prazos máximos de pagamento que establece o apartado 3 do artigo 15 da Lei 13/2010, así como non entregaren as persoas comerciantes ás súas persoas proveedoras un documento que leve aparellada a execución cambiaria, e faltar a entrega dun efecto endosable á orde nos supostos e nos prazos previstos no apartado 4 do artigo 15 da Lei 13/2010.
- Incumprir por parte de quen outorgue o contrato de franquía a obriga de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92.2 da Lei 13/2010 no prazo a que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.
- Non deixar constancia documental da data de entrega de mercaderías polos provedores ou falsear este dato.
- Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicite de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.
- Reincidir na comisión de infraccións leves.
- Terán a consideración de infraccións moi graves:
- Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica a que se refire o artigo 29 da Lei 13/2010 cando esta sexa preceptiva.
- Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida palas autoridades e polos seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuar a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.
- Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pala infracción, superior a un millón de euros.
- Reincidir na comisión de infraccións graves.

ARTIGO 17. Competencia sancionadora

A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións tipificadas nesta lei corresponderalle á persoa que posúa a titularidade das respectivas xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de comercio.





Porén, a devandita competencia corresponderalle á dirección xeral competente en materia de comercio no caso de infraccións administrativas que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias da Comunidade Autónoma galega.

A competencia para a resolución dos expedientes sancionadores corresponderalles: ci) Nos supostos de infraccións moi graves, ao Consello da Xunta de Galicia.

cii) Nos supostos de infraccións graves, a quen desempeñe a titularidade da consellaría competente en materia de comercio.

ciii) Nos supostos de infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de comercio, cando afecten unicamente o seu respectivo ámbito territorial, e á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio nos casos de infraccións que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias do territorio galega.

As infraccións tipificadas no tocante á licenza municipal de apertura e no relativo á venda ambulante ou non sedentaria, serán sancionadas pelas persoas titulares das alcaldías, de conformidade co previsto na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

ARTIGO 18. Reincidencia

Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Malia isto, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

ARTIGO 19. Sancións

- As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:
- Apercibimento á persoa infractora.
- Multa.
- Incautación e perda da mercadería.
- Pechamento do establecemento ou suspensión da actividade comercial da que se trate por prazo non superior a un ano.

ARTIGO 20. Contía das multas

As infraccións leves serán sancionadas cun apercibimento ou unha multa de ata 1500 euros. As infraccións graves, cunha multa de 1.501 ata 50.000 euros.

As infraccións moi graves, cunha multa de 50.001 ata 1.000.000 de euros.

ARTIGO 21. Graduación

Para a graduación das infraccións e sancións aplicables terase en conta transcendencia social da infracción, a natureza dos danos causados, o volume da facturación a que afecta, o grao de





voluntariedade ou intencionalidade da persoa infractora, a contía do beneficio obtido, a capacidade ou solvencia económica da empresa, o prazo de tempo durante o que se cometeu a infracción e a reincidencia.

ARTIGO 22. Prescrición das infraccións

As infraccións reguladas na presente ordenanza prescribirán aos tres anos, as cualificadas como moi graves; aos dous anos, as cualificadas de graves e aos seis meses, as cualificadas como leves.

DAS ACTIVIDADES FERIAIS

ARTIGO 23. Comunicación previa

A realización de feiras mercado de ámbito territorial de influencia exclusivamente local comunicaráselle previamente ao concello de Ares.

O concello deberá trasladar a comunicación recibida á consellaría competente en materia de comercio para a súa incorporación no Rexistro Oficial de Actividades Feirais de Galicia.

A persoa organizadora presentará a comunicación previa cunha antelación de dous meses antes da data en que pretenda realizar a actividade.

ARTIGO 24. Requisitos e obrigas

As persoas organizadoras da actividade feiral farán constar na comunicación previa os seguintes datos:

- Datos de identificación da persoa organizadora da actividade.
- A denominación, o ámbito territorial, a duración, a data e o lugar de realización.
- Os produtos a que se dirixe e a previsión de participantes.
- As características do espazo físico no que se vai desenvolver a actividade, así como os servizos dos que dispón.
- A realización ou non de venda directa.
- Aquelas circunstancias que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.
- Son obrigas da persoa organizadora da actividade feiral:
- Presentar a comunicación previa nos termos previstos nesta lei e nas normas que a desenvolvan.
- Prestar a garantía que, de ser o caso, se estableza.
- Desenvolver a actividade feiral de conformidade coas condicións reflectidas na comunicación previa e cos preceptos da presente ordenanza.
- Responsabilizarse do cumprimento das prescricións establecidas nesta ordenanza e na normativa vixente, así como da seguridade das persoas, dos produtos, das instalacións industriais e do ambiente.
- Prestar a colaboración que lle sexa requirida pola consellaría competente en materia de comercio ou polo Concello no ámbito das súas respectivas competencias.

ARTIGO 25. Sancións

Os órganos competentes para impoñer as sancións establecidas na Lei 1/1996, do 5 de marzo de regulación das actividades feirais de Galicia, serán:





A persoa titular do departamento territorial correspondente, para as derivadas de faltas leves. Cando a infracción afecte o ámbito territorial de máis dun departamento, será competente a persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio interior.

A persoa titular da consellaría competente en materia de comercio interior, para as derivadas de faltas graves.

O Consello da Xunta, para as derivadas de faltas moi graves.

Disposición transitoria.-

Os titulares dos pastos que actualmente están a exercer a venda ambulante neste concello con autorización, deberán adaptar á súa actividade ao disposto na presente ordeanza, antes do 31 de xaneiro de 2012. Chegada esta data, sen ter presentada ante o Concello a documentación referida nos artigos anteriores ademais de estar ao corrente de pagos das taxas correspondentes, retiraráselle a autorización que poseen, deixando libre o espazo que ocupaban que poderá adjudicárselle a outro solicitante (atendendo á data de presentación da solicitude).

Non obstante, poderán volver a solicitar autorización, a cal se tramitará por rigurosa orde de presentación.

Disposición derogatoria.-

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas cantas disposicións municipais anteriores regularan a mesma materia.

Disposición final.-

Esta ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 8 de novembro de dous mil doce, entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se retiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Alcalde-Presidente

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que con esta ordenanza o que se pretende e ordenar este ámbito, é complexo para corrixir algunhas deficiencias pero se propón a ordenanza tal e como foi a comisión.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos/as e manifestando que creen que debe quedar sobre da mesa debido a que como falamos na comisión hai que darlle outra volta e así o manifestou o Sr. Alcalde que había cousas que concretar entón nós, creemos que hai que darlle que había cousas que non quedaban moi claras como concretar, nós creemos que é indubidable esta proposta e que hai q puntualizar algunhas consideración, polo tanto nós facemos esta proposta de que quede sobre da mesa.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o voceiro do PP.





Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que fixeron unha proposta, pero coincidimos tamén co BNG que hai que darlle unha volta co obxecto de enriquecer con outras propostas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non hai inconveniente en incorporar as vosas propostas cando estean pero de momento as que hai non teñen ningún sentido esperar e en consecuencia imos a aprobala así pero nós comprometemos a que cando traiades calquera proposta coa mesma rapidez aprobala.

O Sr. Alcalde somete a votación as propostas do BNG e PP de que quede sobre da mesa.

Sometida a votación á proposta do BNG e PP de que a ordenanza quede sobre da mesa, o Pleno do Concello por 8 votos en contra (7 PSdG-PSOE, 1 NAL) 5 a favor (2 BNG e 3PP), acorda rexeitar a proposta.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando por unha segunda quenda de intervencións.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que xa están votando, pero si é imprescindible.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que hai unha proposta do PP, non sei moi ben si esta proposta que vostede acaba de dicir que cando as trouxera o PP as aprobaría, non sabemos se van ser aprobadas neste acto entón eu necesitaba unha aclaración de si esa proposta do PP vai ser incluída neste acto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que cree que non que o que se somete a votación neste acto é a proposta de modificación que se levou a comisión sen prexuízo de estudialas e incorporalas noutro pleno entón, dalgunha maneira nós queremos ter unha ordenanza cas deficiencias que nós detectamos pero non podemos estudar as aportadas e dicir, no expediente consta unha do PP pero non a aprobamos agora queda para darlle unha volta como outras e vemos si as podemos incorporar ou non. Nós o que traemos é unha ordenanza cerrada cuns cambios urxentes sen prexuízo de que se podan examinar as propostas dos demais o que pasa e que xustificamos non esperar.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o tema é un defecto de forma e si é así a nosa proposta e a que viña había que votalas, non están ditaminadas en comisión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está ditaminada en comisión que le levou a comisión a proposta, a nosa levouse a comisión e cando se dictaminou o voceiro do PP falou de incorporar algunhas cuestións que consideraba que eran oportunas e efectivamente quedaron un pouco sobre da mesa, non as incorporamos a ordenanza pero si as imos a estudar ca mesma celeridade que estamos aprobando esta e sempre que sexa positivo a incorporamos inmediatamente no pleno, pero nós levamos unha proposta, dictaminouse na comisión favorablemente e o voceiro do PP fixo unha valoración pero non o fixo por escrito, agora ven por escrito incorporase ao pleno pero alí en comisión foi in box, entón quedamos en véla e incorporala non hai ningún problema, pero non atrasar a aprobación.

Toma a palabra o Sr. Carballo Sarmiento manifestando que non a achegou por escrito polo que dixo Emilio, que era unha cousa que estabades iniciando que ao final de ano queriades aprobar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo exacto, aprobamos a que temos sen prexuízo de incorporar outras ideas ca mesma celeridade pero o que xa temos claro, que son as achega da policía local sobre todo as queremos aprobar, entón isto aprobase sen prexuízo de que isto se enriqueza entón aquí, pediuse que se quedara sobre da mesa e votouse que se rexeitara esa posibilidade. ¿Queredes que se vote a proposta do PP?.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que lles da igual, que non pasa nada.

Intervén o Sr. Alcalde sometendo a votación a proposta de modificación de ordenanza reguladora de venda ambulante e actividades feirais tal e como se levou a comisión.

O Sr. Alcalde somete a votación a “Proposta Modificación Ordenanza reguladora de venda ambulante e actividades feirais”, co compromiso de que cando fagan algunha proposta aprobala ca mesma rapidez., o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL) 5 abstencións (2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que queda aprobada a ordenanza con eses cambios en vermello e logo a proposta do PP xunto con outras propostas se agregaran.

Punto núm. 8.- Aprobación expte. 3/2019 Modificación de Créditos para a aplicación do superávit.

Dáse conta do informe de secretaría de data 8 de agosto de 2019 “Informe Intervención uso Superávit” a que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 31 de xullo de 2019, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. En aplicación del artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e no caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda.

SEGUNDO. Por outra banda a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, reguladora das regras especiais para o destino do superávit orzamentario, posibilita a aplicación do superávit orzamentario a unha serie de destinos alternativos cando as Corporacións Locais cumplan os seguintes requisitos:

Cumplan ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

No caso de Inversións Financeiramente Sostibles Que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

TERCEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte





Os artigos 169, 170, 172, 177, 182 e Disposición Adicional Décimo sexta do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21, 23, 32 e Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.¹

O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

O Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

O Real Decreto-Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financieramente sustentables e adóptanse outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional.

—O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

CUARTO. O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, segundo os artigos 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

QUINTO. De acordo co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, son de aplicación aos expedientes de crédito extraordinario as normas sobre información, reclamación e publicidade dos Orzamentos a que se refire o artigo 169 desta Lei.

Por tanto, a aprobación inicial deses expedientes exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Así mesmo, definitivamente aprobado, será inserido e resumido por capítulos, no da Provincia.





Estas Administracións recibirán copia ou extracto do Acordo plenario de aprobación destes expedientes de acordo co artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Á súa vez terán coñecemento da adopción de devandito acordo pola súa publicación no Boletín Oficial da Provincia podendo, conforme ao artigo 64 da Lei 7/1985, de 2 de abril, solicitar ampliación da información remitida en cumprimento do artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

SIXTO. Á súa vez débese ter en conta que, segundo o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano débese remitir a información actualizada dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacións orzamentarias xa tramitadas e/ou as previstas tramitar até final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios.

SÉTIMO. O procedemento aplicable será o seguinte

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente tesouraría para gastos xerais, instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario por aplicación do superávit orzamentario.

De conformidade cos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 32 e DA 6ª da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitírase informe polo órgano Interventor verificando o cumprimento dos requisitos necesarios para a incorporación do superávit orzamentario, o destino de aplicación e o importe correspondente a cada un deles

Coñecidos os posibles destinos de aplicación do superávit, á proposta de modificación deberá incorporarse Memoria de Alcaldía, na que se xustifique a aprobación do crédito extraordinario, as aplicacións orzamentarias ás que afecta, os medios ou recursos que deben financiarla.

A memoria conterá no caso de Inversións Financeiramente Sostibles, ademais, a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil.

Posteriormente, en caso de Inversións Financeiramente Sostibles e en cumprimento de DA 16ª apartado 6 do Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais elaborárase informe de Intervención acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento suscrito polo Presidente da Corporación ou persoa en quen delegue.

Así mesmo, tamén se informará por Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de conformidade co artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da





Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as entidades locais deberán someter a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos ao principio de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendido este como a situación de equilibrio ou superávit estrutural (artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit en liquidación orzamentaria levará a elaboración de Plan Económico Financeiro, segundo establece o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

A tenor do artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, serán de aplicación as mesmas normas sobre **información, reclamacións e publicidade** previstas no artigo 169 do citado texto legal, para a aprobación dos Orzamentos.

Por tanto, aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A estes efectos e de conformidade co artigo 170.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán a consideración de interesados:

Os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local.

Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local.

Os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

O mesmo artigo 170, no seu parágrafo segundo, determina que unicamente poderán interporse reclamacións contra o Orzamento polas seguintes causas:

Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Entidades Locais.





Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigación exixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades.

Aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, o expediente será inserido e resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

Segundo o establecido no artigo 169.7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, copia de cada unha das modificacións desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Ares, a 5 de Agosto de 2019

O Secretario

Dáse conta do informe de secretaría de data 8 de agosto de 2019 "Informe de intervención modificación de crédito para a aplicación do superávit, Expte 3/2019" que a continuación se transcribe;

Mediante Providencia de Alcaldía de data 31-07-2019, solicitouse informe desta Intervención en relación co expediente de modificación de créditos n. ° 3/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais.

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. O superávit defínese como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos consolidados. En base á regulación do destino do superávit orzamentario, establécense dúas formas de aplicar o mesmo:

A aplicación do propio artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, como regra xeral.





As excepcións á aplicación xenérica do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Para a súa aplicación, ademais de estabilidade orzamentaria, a Entidade deberá contar cun Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo co límite do volume de endebedamento.

SEGUNDO. A lexislación aplicable é a seguinte:

Artigo 32 de Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

- A Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- A Disposición Adicional 16ª do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 1 e 2 do Real Decreto-Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financieramente sustentables e adóptanse outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO. En virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para a aplicación do superávit orzamentario ponse de manifesto o cumprimento dos seguintes requisitos:

Estabilidade orzamentaria positiva. Nesta entidade, sendo que na liquidación de 2018 de data 28 de marzo de 2019, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e aos efectos deste procedemento, o dato de

Estabilidade orzamentaria arroxa un saldo en termos consolidados de 718.464,41 €, polo que cumpre o requisito de estabilidade orzamentaria positiva.

Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo. Sendo o dato do

Importe do Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais a 31 de decembro de 2018 de 2.147.146,50 euros, cumpre o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo.

Volume de endebedamento. Sendo o importe da débeda viva existente da entidade a 31 de decembro de 2018 de 2.115.576,54 €.

Visto o anterior e en virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o importe do superávit aplicable será o menor entre o superávit orzamentario calculado segundo os criterios de contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais, sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit, o que supón a posibilidade de aplicar 180.000,00 €.

CUARTO. Tal e como se establece na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para a aplicación das regras especiais para o destino do superávit orzamentario, deberase cumprir ademais que:





O Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado, descontado o efecto das medidas especiais de financiamento instrumentadas no marco do Plan de Pago a Provedores, sexa positivo na liquidación do exercicio 2018 Sendo o importe das anualidades recoñecidas financiadas polo FFPP de 1.574.086,04 €, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado ascende a 573.060,46 €, polo que se cumpre o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado positivo.

A Débeda Viva sexa inferior ao límite legal de conformidade co réxime de autorización do artigo 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (inferior ao 110% sobre os ingresos correntes liquidados no exercicio anterior), arroxando a entidade un dato de 32,70 % sobre os ingresos correntes liquidados, polo que cumpre o requisito de débeda viva.

Caso de tratarse de Inversións Financeiramente Sostibles o período medio de pago aos provedores non debe superar o límite legal previsto na normativa de morosidade.

-PMP cuarto trimestre 2018: 28,29.

-PMP segundo trimestre 2019: 57,02.

Para momento de iniciarse o presente expediente non hai datos ata que se efectúe o PMP do tercer trimestre.

A metodoloxía do cálculo do PMP das Administracións Públicas foi modificada polo RD 1040/2017, de 22 de decembro polo que se modifica o RD 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica EPYSF.

Co fin de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, a nova metodoloxía queda alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, desde a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados (o conforme da factura que aproba que o servizo está feito ou o suministro está entregado), en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo se producía desde o 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

Polo tanto, non se modifica o prazo de pago a provedores, que sigue estando en 30 días, pero o cálculo do PMP empezará a computar a partir da aprobación das facturas e non, como ata entón, que se producía desde os 30 días seguintes á entrada das mesmas.

QUINTO. En canto ás regras especiais para o destino do superávit orzamentario, no ano 2019 e aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, a orde de aplicación do superávit orzamentario para os destinos alternativos propostos pola Disposición Adicional Sexta será o seguinte.

SEXTO. En base ao exposto anteriormente, exponse os datos da entidade:





Conta 413, a 31 de decembro de 2018, de «Acredores por operacións pendentes» e outras equivalentes, cun saldo de 161.153,78 €. Liquidados e aplicado ao orzamento.

Previsión do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria do exercicio 2019, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cun resultado estimado de 700.000,00 €. (10,5%).

SÉTIMO. Á vista dos resultados arroxados por este Informe de intervención, conclúese:

O cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional Sexta:

Financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentables, pola cantidade de 180.000,00 €.

O expediente de gasto que se tramite deberá incorporar unha memoria económica específica, suscrita polo presidente da Corporación Local ou, persoa en quen delegue, na que se conterà a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Ares, a sete de agosto de 2019.

REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004 de 5 de marzo

Disposición adicional decimosexta Inversión financieramente sostenible

A los efectos de lo dispuesto en la [disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera](#), se entenderá por inversión financieramente sostenible la que cumpla todos los requisitos siguientes:

1. Que la inversión se realice, en todo caso, por Entidades Locales que se encuentren al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social.

Además, deberá tener reflejo presupuestario en los siguientes grupos de programas recogidos en el anexo I de la [Orden EHA/3565/2008, de 3 de diciembre](#), por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de la Entidades Locales:

160. Alcantarillado.

161. Abastecimiento domiciliario de agua potable.

162. Recogida, eliminación y tratamiento de residuos.

165. Alumbrado público.

172. Protección y mejora del medio ambiente.

412. Mejora de las estructuras agropecuarias y de los sistemas productivos.

422. Industria.





- 425. Energía.
- 431. Comercio.
- 432. Información y promoción turística.
- 441. Transporte de viajeros.
- 442. Infraestructuras del transporte.
- 452. Recursos hidráulicos.
- 463. Investigación científica, técnica y aplicada.
- 491. Sociedad de la información.
- 492. Gestión del conocimiento.

B) La inversión podrá tener reflejo presupuestario en alguno de los grupos de programas siguientes:

- 132. Seguridad y Orden Público.
- 133. Ordenación del tráfico y del estacionamiento.
- 135. Protección civil.
- 136. Servicio de prevención y extinción de incendios.
- 152. Vivienda.

Programa «152.Vivienda» del apartado 1 de la letra B) de la disposición adicional decimosexta introducido, con efectos a partir de 1 de enero de 2019, por el apartado cuatro del artículo cuarto del R.D.-ley 7/2019, de 1 de marzo, de medidas urgentes en materia de vivienda y alquiler

Vías públicas.

- 171. Parques y jardines
- 231. Asistencia social primaria.
- 321. Creación de Centros docentes de enseñanza infantil y primaria.
- 323. Funcionamiento de centros docentes de enseñanza infantil y primaria y educación especial.
- 332. Bibliotecas y Archivos.
- 333. Equipamientos culturales y museos.
- 336. Protección del Patrimonio Histórico-Artístico.





342. Instalaciones deportivas.

453. Carreteras.

454. Caminos vecinales.

933. Gestión del patrimonio, en el que se podrán incluir las aplicadas a la rehabilitación, reparación y mejora de infraestructuras e inmuebles propiedad de la entidad local afectos al servicio público incluyendo las actuaciones de adaptación de infraestructuras que permitan la accesibilidad universal para personas con discapacidad y personas mayores.

Cuando exista gasto de inversión en estos últimos grupos de programas, y se incurra en un gasto de inversión en el conjunto de grupos de programas citados en este apartado superior a 15 millones de euros o al 40 % del gasto no financiero total de la entidad total respectiva y suponga incremento de los capítulos 1 o 2 del estado de gastos vinculado a los proyectos de inversión se requerirá autorización previa de la Secretaría General de Financiación Autonómico y Local del Ministerio de Hacienda y Función Pública.

(Apartado 1 de la disposición adicional decimosexta redactado por el artículo 2 del R.D.-ley 1/2018, de 23 de marzo, por el que se prorroga para 2018 el destino del superávit de las corporaciones locales para inversiones financieramente sostenibles y se modifica el ámbito objetivo de éstas)

2. Quedan excluidas tanto las inversiones que tengan una vida útil inferior a cinco años como las que se refieran a mobiliario y enseres, salvo que se destinen a la prestación de servicios asociados a los grupos de programas recogidos en el apartado anterior. También quedan excluidas las inversiones en vehículos, salvo que se destinen a la prestación de los servicios públicos de recogida, eliminación y tratamiento de residuos, seguridad y orden público, protección civil, prevención y general de la Corporación Local de transporte de viajeros.

(Apartado 2 de la disposición adicional decimosexta redactado por el artículo 2 del R.D.-ley 1/2018, de 23 de marzo, por el que se prorroga para 2018 el destino del superávit de las corporaciones locales para inversiones financieramente sostenibles y se modifica el ámbito objetivo de éstas)
De forma excepcional podrán incluirse también indemnizaciones o compensaciones por rescisión de relaciones contractuales imputables en otros capítulos del presupuesto de la Corporación Local siempre que las mismas tengan carácter complementario y se deriven directamente de actuaciones de reorganización de medios o procesos asociados a la inversión acometida.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto ven un expediente de modificación de créditos con aplicación de parte do superávit en consecuencia sempre facemos unha corrección a finais de ano porque é cando vemos as subvencións que nos dan, as aportacións municipais e en consecuencia sempre hai dalgunha maneira que facer algún tipo de modificación. O expediente de modificación de créditos sería de 180000€ e máis ou menos efectivamente, a previsión é unha aplicación do gasto si se aproba e esa aplicación de gasto sería para estradas, arranxo de camiños 26400€, abastecemento de auga 38000€, recollida de residuos 1500€, proxectos 21000€, promoción e fomento do deporte 10000€, información e promoción turística 17500€, mercados 5600€, parques e xardíns, infraestruturas 30000€, estradas, inversión en terreos 23000€, mobiliario biblioteca 1700€, plataformas informáticas 5300€, máis ou menos son as previsións nas que necesitamos inxectar cartos porque as partidas quedáronse cortas e entón facemos unha modificación de crédito única e exclusivamente polo que necesitamos, temos máis superávit pero consideramos que con 180000€ pechamos situacións que efectivamente non admiten demora non se pode esperar ao orzamento do ano que ven.





O Sr. Alcalde abre unha quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que unha vez máis estamos ante un defecto de forma que a nós nos imposibilita votar a favor. O día 31 de xullo, xa fai máis dun mes o Sr. Secretario fai un informe en resposta a providencia da Alcaldía ao respecto desta modificación, nese informe o Sr. Secretario relata e especifica como atender todos e cada uns dos pasos que hai que cumprir para que esta modificación sexa levada adiante di no seu punto nº7 "que o cumprimento deste requisito, o expediente de gasto que se tramite deberá incorporar unha memoria específica, unha memoria económica específica subscrita polo Presidente da Corporación Local ou persoa en que delegue na que proxectará os efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil di tamén, que o órgano interventor da corporación local informará acerca da consistencia e soporte das posicións orzamentarias que conteñan a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores". Pois ben, este segundo punto efectivamente non se cumpre porque non hai esa información e o punto anterior tampouco se cumpre porque non hai a memoria como ben especifica ese punto nº7 non hai esa memoria por parte do Presidente da Corporación ou sexa, do Alcalde neste sentido polo tanto, este é un expediente que non pode ir adiante formalmente e que ademais agora acabamos de recibir que tampouco está no expediente nin tampouco está no xestiona este cargo que se nos ven agora polo tanto nós imos a pedir que isto quede sobre da mesa.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o expediente de modificación de crédito é unha operación que se acolle a lei e que se fai con frecuencia en todas as administracións. Nós como dixo anteriormente o voceiro do BNG hai varios erros, o primeiro que se ve agora que está obrigado a estar no expediente e no segundo tema é que non aparece o superávit. Nós queremos que por parte do Sr. Alcalde se nos explique de onde veñen as partidas do superávit os 180000€, despois se visualiza que as partidas que se destinan non son prioritarias e vemos que hai temas urxentes como está pasando estes últimos días en concreto dous o tema do saneamento e o abastecemento de auga e o tema do accidente de Seselle creo que hai partidas que habería que mirar o tema de obras e servizos case ten que levarse o 80% desta cantidade porque o que vemos e que son deficientes tanto nos camiños como nos cortes, como na sinalización vertical, creo que isto hai que darlle unha volta por exemplo, no tema de proxectos estamos xa no mes de setembro e podía esperar un mes ou mes e medio porque en outubro empezaredes co orzamento esas partidas como a do barco que rematouse a tempada exactamente o mesmo, creemos que esas partidas teñen que ser destinadas con urxencia a temas de obras e servizos, iso é o que nós priorizamos non podemos votar a favor porque creemos que eses cartos teñen que ir destinados a primeiras necesidades e urxencias que están pasando agora mesmo neste concello.





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que nós imos a manter a proposta tal e como a presentamos hoxe, vai ao pleno e eu non son o interventor eu de onde saca o superávit non o sei eu non son o interventor deste concello.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o se lles dou foi isto e non en tempo e forma a min me vale, pero é que a lei di que teñen que estar os dous.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que imos a manter a proposta, loxicamente 180000€ o interventor non os dá, eu non son o interventor do concello e en consecuencia as partidas que quedaron insuficientes non permiten acometer estas actuacións e o superávit si permite acometelas e a proposta efectivamente imos a mantela.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que vostede non me contestou as preguntas que eu lle formulei ao respecto do cumprimento de ese punto 7, hai que ter tamén unha cousa en conta non entramos a dar detalle do contido da proposta de modificación de crédito loxicamente porque si aínda non está resolto a formulación de cómo se está isto aquí, que non cumpren cos requisitos legais para lévalo a cabo pois non podemos entrar en detalle de esas partidas sobre todo cando se nos trae agora. Isto tamén ten que ver a valoración o ditame favorable da comisión de facenda que eu recordo que as comisións de facenda de este mes unha vez rematada volveuse a reunir a comisión de facenda sen a presenza das funcionarias de tesourería para ditaminar un informe sobre o cal non había información porque isto nolo entregan agora pero nin sequera estaba na comisión de facenda por iso eu pregunto que se dictamino una comisión de facenda, facer unha modificación de crédito en base a que, a unha inflación que non se levou, a un expediente que estaba incompleto, vostedes sempre fan todo así e logo se queixan e din por aí que o BNG vota en contra de destinar certos cartos a certa obra cando vostedes saben que iso é mentira. Nós o que dicimos é, porque non se fan as cousas ben, porque non se leva como di o secretario-interventor no seu informe o expediente como se ten que levar e porque se nos oculta a información, incluso porque se aproba un expediente de modificación de crédito nunha comisión de facenda cando non se ten a información, porque esta información nola acaban de traer hoxe aquí e porque a tesourería non estaba ao tanto disto porque si estivese ao tanto disto en tesourería o levaría a comisión de facenda polo tanto nós, reiteramos a nosa petición de que quede sobre da mesa porque ademais creemos que sería bo para o día a día do concello levar as cousas ben como se teñen que levar, ben organizadas e co suficiente respecto a este pleno como para ter aos concelleiros da oposición do goberno tamén a información como debe ser.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández insistindo un pouco no mesmo, xa sei que os políticos non estamos para facer de técnicos pero o Sr. Secretario debería de ter o superávit, é certo que dixo que el non o sabía pero tamén é certo que isto hai que xestionalo ben.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que unha vez fixadas as posicións, cada un interpreta o que considera conveniente e cada un vota o que considera oportuno e sobre o resultado das votacións





cada un fai a interpretación que lle da a real gana, como vosoutros interpretades o que faces nós sempre pola tremenda e efectivamente eu non dixen absolutamente nada entón aquí quen vote en contra destes arranxos de estradas, desta mellora e extensión da rede vai quedar rexistrado no acta. Os grupos políticos poden facer a interpretación que lles de a gana vostede sempre ten a obsesión de cómo temos que pensar os demais, vostede pensa o que lle da a gana nunca cede, é case imposible chegar a un acordo con vostede agora si aínda encima quere limitar as nosas actuacións , o grupo de goberno fará a interpretación que sobre o resultado da votación efectivamente resulte como considere oportuno e esixindo as responsabilidades que lle de a real gana entón estamos absolutamente cansados de que se nos pauten o que nos non lle pautamos a ninguén estades todos acostumados a que os seus escritos dípticos e publicacións fagan a información que lles de a gana pero logo nós temos que aceptar as que nós temos que facer sobre vostedes xa votando en contra en mercar no seu día a trainera e agora efectivamente pois votarán en contra de estas cousas e o digo porque o podo dicir porque está no acta, o voto en contra está no acta entón cada un interpreta Emilio o que lle da a real gana e ti respondes como eu respondo o teu, ti interpretas na estrada de Chanteiro o que te da a real gana e eu o tiven que explicar, pois explícao ti tamén efectivamente é así, entón esgotados as dúas quendas de intervención procedemos a votación.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a "Aprobación expte. 3/2019 Modificación de Créditos para a aplicación de superávit" o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL) e 5 en contra (3PP, 2 BNG) acorda prestarlle a aprobación.

Punto núm. 9.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 10.- Mocións-Propostas.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción-proposta.

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

Punto núm. 11.- Rogos e Preguntas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías formulando unhas preguntas sobre o anuncio duns portais de vendas de vivendas ao respecto da venda de vivendas no edificio anclas e xunqueira a pregunta é si o





concello levantou o que nos creemos que había que era unha paralización da obra, sabemos que se foron facendo obras e que pola noite levaban materiais e traballaban entón, nós queremos saber como é posible que fagan isto se o concello é propietario dunha parte que tiña que ceder a promotora de ese solo que vai destinado a un parque, si o concello é propietario e de cómo está o tema do edificio da Xunqueira porque polo que entendemos aínda o PXOM non ten aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia, polo tanto entendemos que non debería haber ningunha variación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o incendio de Chanteiro reavivouse polo tanto pido rapidez a hora de formular as preguntas, ditas preguntas serán respondidas no próximo pleno.

A segunda pregunta ten que ver cos pasos de peóns, creemos que é necesario un paso a peón en Mariña do Pombal e na Avda. Ares-Redes, nós entendemos e así nolo fixeron chegar os usuarios que alí e necesario un paso a peóns.

Ao respecto dos incendios estamos valorando a situación pero recordamos que nós xa presentamos unha moción no ano 2011 que ben suporíamos que estas cousas poderían pasar, e agora unha última puntuación xa que estamos en rogos e preguntas, un rogo.

Interrompe o Sr. Alcalde preguntando sobre incendios cal é o rogo ou a pregunta.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que como lle dicía estamos formulando a situación imos a esperar aos datos de todo, en canto remate o proceso para seguir presentando a nosas mocións como hai anos e claro a consecuencia é esta.

Un último rogo que é que deixe de ser demagogia porque eu xa sei que vostede foi a Club de Remo a dicir que nós votamos en contra da compra da trainera e para desmentilo tivemos que achegar un acta da comisión de goberno onde se aprobaba en comisión de goberno e non no pleno a compra da trainera, o BNG non votou nunca en contra da compra da trainera porque esa compra non se someteu a pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ía ao orzamento e o demagogo e o mentireiro que son os adxectivos que me dedicaste es ti, hai un incendio esperándome Emilio pedinche rapidez devólvoche os adxectivos que eu non uso nin te chamei mentireiro nin demagogo, xa queres empezar pronto nesa temática.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que xa remata, igual que aquí agora hai uns datos de banco móbil que nin miramos porque a cuestión é outra un tema de formalismos daquela nin sequera vostede nos dou os datos de onde viñan as partidas e aquí non hai máis partidas polo tanto non teño máis que dicir.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que minte, xa que efectivamente a compra da trainera ía no orzamento que votaches en contra porque a comisión de goberno non podería mercar a trainera senón houbera partida orzamentaria e houbo partida orzamentaria porque PSOE, NAL e SON aprobou o orzamento.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández eu en principio fago as preguntas e si queres as contestas ou si tes presa deixámolas para o próximo pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si hai algunha urxente a contesto.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que se vai a enroiar bastante.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si é así mellor as formulas ou as deixas por escrito como queiras.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si queres as leo e as contestas por escrito como queiras.

O Sr. José Manuel Cendán Fernández formula as seguintes preguntas:

A primeira e facendo referencia ao banco que se quitou que o están reclamando, vaise a repoñer ou non, onte paroume xente preguntando por el.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o arrancaron, romperon moitos bancos os bancos que teñen as barras as arrancan e cando aparecen as barras se arranxan e si non aparece pois hai que pedilas. O banco arrancárono e encontréino eu cando baixaba do cementerio no medio da praza, baixei do coche e volvíno a poñer no seu sitio e ao día seguinte o foron a buscar.

A segunda pregunta é sobre o tellado da Rúa Hermanos Bugallo nos chamaron e ao outro día fuches ti alí e segundo falei cunha persoa aquí no concello parece ser que o concello vaise a responsabilizar e acometer as obras.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é así, nós non tiñamos porque facelo porque iso non ten nada que ver cas obras que nós realizamos aí houbo efectivamente un colapso pero en todo caso é a viúva a que ten a pensión que ten é copropietaria porque a outra parte é a que ten a herdanza do falecido e en consecuencia nós temos axudas sociais para quen ten rendas baixas a copropietaria ten unha renda baixa e en consecuencia imos a colaborar na reparación porque a outra metade é dunha persoa que non ten renda baixa pero a outra si é pensionista e ten unha renda baixa en atención a esa consideración hai axudas para emerxencias é entón imos a colaborar pero imos a colaborar porque somos corresponsables de esa caída do tellado e porque unha das propietarias reúne os requisitos para a axuda de emerxencia. Hai informes técnicos que non que ver ningunha obra municipal co colapso dunha vigueta que se produce porque se ten que producir.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que asas casas vanse todas porque están feitas no ano cincuenta e pico, os materiais eran malos non teñen zapatas e hai que ter coidado porque non se pode picar directamente porque estás co vibrador e non pode ser, os de augas que leven unha radial e que corten, cortar o cemento e cortar o asfalto pero claro si te pos co picador, picas e as casas que non teñen zapatas retembran.

A terceira pregunta e sobre o tema do accidente de Seselle queremos saber que é o responsable das publicacións na páxina web do concello porque publicáronse tres feitos e nós queremos que se diga a realidade de cómo foi o tema non se vaia un polas ramas. Neste tema nós queremos dicir





que na modificación de crédito, acusan ao concello de que Seselle non tiña o seu nome que perdeuse Fenosa, a unidade que viña de Pontedeume eu falei con tres testemuñas e coinciden en todo menos en que uns din que foron a praia de Sabadelle.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que isto é un tema moi grave e efectivamente é impresentable que se critique esta situación, as chamadas son no Chamizo da Campa quen sabe de aquí de onde é o Chamizo da Campa, non hai sinais para o Chamizo da Campa isto foi no aparcadoiro de Seselle pero o Chamizo da Campa non o coñece ninguén iso desorientou, se queres sacar punto a isto é máis Protección Civil e a Policía Local despregaron medios no cruces para recibir a todos, foron os primeiros en chegar en tres minutos a actuación dun policía auxiliar xunto cunha enfermeira que había alí foi determinante para a recuperación dun dos mozos en parada cardiorrespiratoria os segundos en chegar foi a garda civil e chegaron acompañados por un policía local que estiveron esperan no cruce ca estrada de Mugardos e os últimos en chegar foron as ambulancias que chegaron asistidos a través da policía local e protección civil porque non sabían onde era o Chamizo da Campa iso foi o que produciu a confusión que por certo as dúas chamadas ao 112 o Chamizo da Campa e o chiringuito de Seselle cal é o chiringuito o oficial o que está na praia ou o que tes na propiedade privada por iso foron ao Raso entón, a xente chama ao 112 e os que chaman e se agradecen as chamadas deron esas dúas indicacións o Chamizo da Campa e o chiringuito da praia e con esas indicacións o 112 foi o que trasladou as ambulancias que pasou, que as ambulancias chamaron a Policía Local e Jaime indicoulles como chegar, saen de Ferrol ten que para unha na praza de España a coller ao persoal e a outra ten que parar en Fene para recoller ao persoal e aínda así chegaron en 25 minutos, dime que ambulancia sae da residencia fai dúas paradas para coller ao persoal e en 25 minutos está na praia.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a que se perdeu non foi a de Ferrol senón a de Pontedeume.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que as indicacións eran confusas, que me estás dicindo que se afoga alguén nos Colados e por non ter unha sinal dos Colados.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a maioría están sinalizadas, a perfección non existe.

Responde o Sr. Alcalde dicindo novamente que as indicacións foron o Chamizo da Campa e o chiringuito da praia so xera confusión porque as instrucións as deu o 112, polo tanto o 112 antes de decirlle ao 112 o chamizo da Campa ou o chiringuito que chame a Policía Local para cerciorarse do enderezo cousa que non fixo, como chamas a ambulancia e lle dis o chamizo da Campa chama a policía local que che da o enderezo exacto, esa confusión a induxo o 112 da Xunta de Galicia imaxino que indicada polos veciños que chamaron que son as indicacións que deron que sabe a Xunta de Galiza se existe o chamizo da Campa ou o chiringuito da praia din o que lle di o veciño pero ben se poden poñer en contacto conmigo e preguntar onde é, aínda encima cunha praia enorme como a que é Seselle.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non van a discutir si foron 20 ou 25 minutos.





Responde o Sr. Alcalde dicindo, eu recordo que sendo ti alcalde o que colapso una praia deronlle os de protección civil unha copa de coñac eso o recordó eu e non o dixen no pleno nin o saquei na prensa.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non din nada, estou preguntando eu non te vou a responsabilizar a ti nin a ninguén con tema de si chegou a ambulancia en vinte ou vintecinco minutos ou cinco ou dez minutos máis tarde ese non é o tema, o tema é que unha sinal por iso eu falaba da modificación de créditos e destinar máis cartos a obras e servizos, esa sinal leva anos gardada eu no mes de maio andiven por Seselle é está aí é unha vergoña como está o camiño Real de Seselle a praia que vai polo antigo cámping está completamente pechado e os chalés votan os restos de maleza que cortan é unha vergoña, unha zoa turística, ese camiño está totalmente pechado iso é unha responsabilidade municipal de corrixir todo iso e o que non pode ser é que ese camiño que é municipal este nesas condicións e aínda encima os veciños votan o que cortan.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que fai cinco anos iniciamos unha renovación de indicativos por todas as parroquias todos os lugares non estaban sinalizados agora está sinalizado lugares que eu non coñecín na miña vida, Ansuela eu non sabia que ese sitio se chamaba Ansuela.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a sinalización vertical o fixemos nós que nos custou millóns.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, a fixen eu ca policía local, perdoa Manuel hai unha urxencia en Ares estou intentando contestar pero que me discutas que puxeches as sinais ti as azuis é que me da a risa haberá que traerte os datos da anterior lexislatura.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que as que hai baixando polo cementerio de Cervás a puxemos nós.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández formulando as súas preguntas.

A cuarta pregunta e referente a resolución da Alcaldía 366/19 é un contencioso administrativo sobre unha responsabilidade patrimonial ven a nome dunha persoa que non a imos a nomear pero quería saber o motivo.

A quinta pregunta é como se encontra o PXOM, en que situación está.

A sexta pregunta é cando se vai a convocar a mesa de contratación para resolver a adxudicación da EDAR.

A sétima pregunta e sobre os acordos aos que se chegou coa concelleira para resolver o problema do auga.

A última pregunta é que xa non chegaron varias queixas que hai un problema co tema das terrazas, que si puxeches un papel que mandou costas que si non se poden poñer mesas na baixada da praia a nós non chegaron queixas sobre isto é parece ser que puxastes uns bandos sobre a resolución que mandou a demarcación de costas sobre o tema das terrazas ou do peirao.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que en Redes a demarcación de costas non pinta nada e portos e portos esixen que as embarcacións podan entrar polo peirao e a veces as mesas ocupan unha franxa que se ten que deixar necesariamente para acceder ao peirao de Redes e iso é Portos non Costas e aquí efectivamente hai dúas terrazas que efectivamente pechan o acceso a unha vivenda e a propietaria foi ao defensor do pobo e o defensor do pobo deulle a razón e tivemos que ir a pintar a esas cafeterías as terrazas e de paso que pintamos esas dous pois xa pintamos todas para que todos vexan que piden menos do que pagan, o que solicitan está marcado en azul vai a velo, a veces non pasa nada porque ninguén protesta pero si unha señora di que non pode entrar na súa casa e denuncia os expedientes os enviamos ao defensor do pobo e o defensor do pobo non é parvo e di si teñen as terrazas ata aquí porque montan todo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o peor non é iso o peor é que haxa un accidente no mar.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que costas ocupase de que non se ocupe a zoa empedrado, meteu pedra para sinalizar o acceso rodado e di que esa zoa non se pode ocupar e a ocupan entón, no tema das terrazas xa chegou un punto de que cando non se pode facer nada máis porque o defensor do pobo xa se meteu neste tema e nos esixe que se ocupe o concedido, quen queira máis terraza que o solicite.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendan Fernández dicindo que hai cousas que non se poden consentir como o tema da rampla ou o da casa pero o resto que ocupen con dous mesas máis a praza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que non imos a pintar as terrazas a uns si e a outros non, que todo o mundo vexa o que pide e o que ocupa porque lle imos a pintar só as terrazas ao Bodegón e ao Yambu pois non, unha vez que o defensor do pobo sinala que hai que deixar espazos libres pois pintamos as terrazas a todo o mundo primeiro por seguridade xurídica os veciños ven o que está concedido e si protestan teñen seguridade xurídica porque din isto está mal é ata aquí e os bares tamén teñen seguridade xurídica si alguén protesta poden dicir que está non seu agora o tema estase convertendo nunha situación problemática a xente está indo ao defensor do pobo porque as cadeiras de rodas non pode pasar o tráfico rodado os frontes de fachadas alleas e agora a xente está defendendo o seu.

O Sr. Alcalde da por rematada a sesión informando que o lume pode reavivarse en calquera momento polo vento.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor



